



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026.

EXPTE TEDEC: 2026/E001/000003

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 5 DE MAIO DE 2026.

De conformidade co disposto na Base 5ª da Convocatoria de selección de persoal laboral temporal de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa PEL-CONCELLOS 2026, faise público o Decreto da Alcaldía núm. 450/2026 de data 5 de maio de 2026, mediante o cal se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES ADMITIDOS PARA REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

EXPTE.: 2026/E001/000003

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 359/2026 de data 9 de abril de 2026 se aprobaron a bases que rexen a convocatoria de selección de persoal laboral temporal de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos Concellos da Provincia no ano 2026 (PEL-CONCELLOS 2026).

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 68 do 14 de abril de 2026 e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Visto que en data 27 de abril de 2026, mediante Decreto núm. 431/2026, foi aprobada a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Electrónica do Concello de Camariñas, concedendo aos interesados un prazo de 5 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos.

Visto que finalizado o antedito prazo foron presentadas emendas ou alegacións de omisión á lista provisional, revisadas as mesmas e de conformidade co disposto na lexislación vixente e na base 5ª da convocatoria e tendo en conta as facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para participar no proceso de selección de catro peóns ao abeiro da Convocatoria do Programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación Provincial,

Admitidos/as definitivamente:

| NÚM. | APELIDOS E NOME | DNI | CELGA |
|------|------------------------------------|-----------|-------|
| 1 | BOUZAS CARRIL, Mª DEL MONTE | ***1459** | NON |
| 2 | TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO | ***6424** | NON |
| 3 | PASANTES CANOSA, RAMÓN | ***2114** | NON |
| 4 | MOUZO LÓPEZ, GORKA | ***2701** | SI |
| 5 | TRIÑANES ÁLVAREZ, BRANDÓN | ***2164** | NON |
| 6 | MARTÍNEZ BLANCO, PABLO | ***9855** | SI |
| 7 | LEMA NOVOA, EVARISTO | ***6886** | SI |
| 8 | OBREGÓN RODRÍGUEZ, BELKIS YAQUELÍN | ***9103** | NON |
| 9 | TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL | ***9964** | NON |
| 10 | BLANCO MARÍA, ALEXIS | ***0291** | NON |
| 11 | MANRIQUE CASTILLO, BELLA ANTONIA | ***4765** | NON |
| 12 | CANOSA MOUZO, ERIK | ***0272** | SI |
| 13 | CASTRO CURES, IKER | ***5355** | SI |
| 14 | BARREIRO VIGO, MARÍA ISABEL | ***2233** | SI |
| 15 | SOTO ANTELO, JOSÉ MANUEL | ***3108** | NON |

Excluídos/as definitivamente:

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo.- Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para a valoración de méritos alegados (fase de concurso) o próximo ***día 6 de maio de 2026, ás 10:30 horas***, na Casa do Concello de Camariñas.

Terceiro.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para o próximo ***día 8 de maio de 2026, ás 9:30 horas, na área recreativa do Ariño - Xaviña (merendeiro da praia do Ariño)***, para a realización dos exercicios da fase de oposición, 1º exercicio: exame práctico, previsto na base 7ª da convocatoria.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes aprobados no primeiro exercicio da fase de oposición para o próximo ***día 8 de maio de 2026, ás 12:00 horas, no Almacén Municipal - Xaviña (lg. Cruceiro, 12 ao lado do local comercial Euronic)***, para a realización do 2º exercicio da fase de oposición: coñecemento da lingua galega, previsto na base 7ª da convocatoria.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificados que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra “M” conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2026 (DOG núm. 16 do 26 de xaneiro de 2026).

Quinto.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Sexto.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualifica

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.